

# **PLAN DE CONVIVENCIA**

**CEIP. PLURILÍNGÜE JULIO GURRIARÁN**

**CURSO 22/23**

## **ESQUEMA**

1.-JUSTIFICACIÓN.....	3
2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO .....	3
3.- DEFINICIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	
4.-NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓN S E O PLAN DE ACTUACIÓN.....	3
4.1.- Funcións da comisión da convivencia .....	5
4.2.- Periodicidade das reunións.....	6
5.- DETECCIÓN DE NECESIDADES .....	6
6.- ANÁLISE DA SITUACIÓN: TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES .....	6
7.- OBXECTIVOS XERAIS .....	7
8.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .....	8
9.- DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN S E MEDIDAS: .....	8
NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA	
9.1.- NORMAS DE CONVIVENCIA XERAIS DO CENTRO .....	8
9.1.1.- Entradas e saídas .....	10
9.1.2.- Asistencia a clase e puntualidade .....	10
9.1.3.- Visitas e viaxes de estudos .....	10
9.1.4.- Aseo persoal e hixiene no Centro .....	11
9.1.5.- Normas de convivencia no tempo de lecer .....	11
9.1.6.- Durante as clases .....	12
9.1.7.- Visita de persoas alleas ao centro .....	12
9.1.8.- Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumplimento.....	13
9.1.9.- Normas do comedor escolar .....	16
9.2.- NORMAS DE CONVIVENCIA ESPECÍFICAS DA AULA .....	18
9.2.1.- Relativas ao alumnado .....	18
9.2.2.- Relativas ao profesorado .....	18
9.2.3.- Relativas ás familias .....	19
9.2.4.- Relativas con outras institucións .....	19
10.- ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN .....	19
10.1.- Plan de apertura do centro .....	20
11.- DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO RELACIONADOS COA CONVIVENCIA .....	20
11.1.- Dereitos dos profesores/as .....	20
11.2.- Deberes dos profesores/as .....	21
12.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO RELACIONADOS COA CONVIVENCIA	
12.1.- Dereitos do alumnado .....	23
12.2.- Deberes do alumnado .....	23
12.3.- Normas de comportamento .....	24
13.- DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS RELACIONADOS COA CONVIVENCIA	25
14.- PROTOCOLO E ACTUACIÓN S PREVENTIVAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO .....	26
14.1.- Creación da aula da convivencia (Orientación) .....	27
14.2.- A mediación como medio de prevención .....	28
15.- ESTRATEXIAS PARA RESOLVER CONFLICTOS PACÍFICAMENTE .....	30
16.- PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO NOS CASOS DE ABSENTISMO, ACOSO E MALTRATO .....	31
16.1.- Recursos .....	32
17.- PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA .....	32
18.- BASE LEGAL .....	33

# PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

## I.- JUSTIFICACIÓN

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Poñer en práctica este plan supón a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a desenvolver e adecuar a cultura dá paz na nosa comunidade educativa.

A resposta educativa do Equipo Directivo e do profesorado no Centro é a de promover a actitude de participación do alumnado mediante o diálogo, o respecto e a comunicación para solucionar calquera conflito. Igualmente preténdese potenciar a mellora da convivencia.

Para que o plan sexa realmente efectivo, debe ser coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da nosa comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias.

A finalidade deste plan de convivencia será, polo tanto, promover e contribuír á consecución dun clima adecuado dentro da comunidade educativa e, especialmente do centro, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia, o que supón un maior esforzo coas **circunstancias do protocolo pola COVID-19** e a incertidumbre que vivimos exixindo xestionar emocionalmente os cambios que a sociedade demanda.

Mentres dure os contaxios polo virus, temos en conta o **Protocolo, Plan de Adaptación e de Continxencia do centro pola COVID-19**.

## 2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O centro público de Educación Infantil e Primaria “Julio Gurriarán Canalejas” no que se desenvolveu o PFAC, atópase situado no Barco de Valdeorras (Ourense).

Con relación a súa situación xeográfica, sinalar que ten unha extensión de 84 km, limitando o norte coa Serra da Encina de Lastra, o leste con terras de Rubiá e de Carballeda, o oeste con Vilamartín e o sur coa Serra do Eixe, que se eleva ata os montes de Trevinca. Está situado a orilla do río Sil, na comarca de Valdeorras. O municipio pertence a provincia de Ourense a unha distancia de 114 kms. O noroeste da capital principal e posúe un clima oceánico-mediterráneo.

Con relación a poboación, sinalar que o Barco é un dos poucos lugares da xeografía galega onde o índice da poboación aumenta, debido fundamentalmente ós movementos migratorios de subamericanos, portugueses, pakistanís e rumanos, na última década, atraídos polas expectativas laborais. Estes factores son importantes á hora de tratar

temas como a tolerancia, a non discriminación, a convivencia entre as diferentes culturas, a interculturalidade.

Posúe unha economía variada e activa cunha importante produción de pizarra, contando tamén cun reconvertido sector vitícola, e tamén ten a súa importancia o sector servizos. A nivel económico compre destacar o baixo índice de paro que contribúe o nivel socio-económico medio.

Con relación ás infraestructuras sinalar a nivel xeral que O Barco conta con: estación de ferrocarril e de autobuses, con tres centros públicos de Educación Infantil e de Primaria, ademáis dun centro concertado, todos eles adscritos os dous I.E.S; tres garderías (unha delas é pública). Dispón dun centro de Educación de Adultos, o Conservatorio e o centro de formación e Recursos (CFR).

Con relación á asistencia sanitaria dispón dos servizos do Hospital Comarcal de Valdeorras e centro de Saúde. O concello dispón ademáis dun Departamento de Servizos Sociais. Por ser ademáis cabeza de comarca conta con outros servizos como Xulgados, Facenda, Matadoiro, Protección Civil, Cruz Vermella, etc.

Con relación os servizos deportivos e de ocio sinalar a existencia dun campo de fútbol, dous pavillóns de deportes, unha pista de atletismo, unha de tenis e piscinas municipais. Para o tempo de ocio existe unha oferta diversa como a Semana do cine, a Mostra de Teatro, Escolas Municipais Deportivas, club de Piragüismo e de Montañismo e a Escola de Gaitas.

En relación os recursos persoais do Centro son os seguintes: Oito mestras de educación infantil; doce mestres/as de educación primaria; dous mestre/as de educación física; dúas mestras de inglés; dúas mestras de educación musical; unha orientadora; dous especialistas en pedagogía terapéutica; dous mestres de audición e linguaxe a tempo completo e un mestre de audición e linguaxe compartido; unha mestra de apoio ao alumnado estranxeiro; unha mestra de Relixión; un conserxe e persoal de limpeza.

Respecto a organización de todo o profesorado, dicir, que están constituídos os seguintes equipos: Equipo de educación infantil, Equipo de 1º e 2º cursos de educación primaria, Equipo de 3º e 4º cursos de educación primaria, Equipo de 5º e 6º cursos de educación primaria, Equipo de convivencia, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Proxecto de mellora de bibliotecas, Proxecto lector, Proxecto das TIC'S, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación.

### **3.- DEFINICIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

É importante elaboralo porque o colexio enclávase nunha zona de emigración na que conviven distintas culturas, o que implica, nalgunhas ocasións, a mobilidade do alumnado, que comeza a medio curso ou non remata este no mesmo centro.

O Plan de Convivencia elaborase tendo en cuenta os seguintes documentos:

- **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 17 xaneiro 2015).

- Regulamento de Régimen Interno (RRI)
- Plan de Acción Titorial (PAT)
- Plan de Acollida (PA)
- Plan de Atención á Diversidade (PAD)
- Proxecto Educativo do Centro (PE)
- Plan de Orientación (PO)
- Programa de habilidades sociais

#### **4.-NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓN E O PLAN DE ACTUACIÓN.**

A comisión da convivencia escolar é un órgano para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

O Centro Ceip Julio Gurriarán elabora un Plan de Convivencia que formará parte do proxecto educativo e incluíranse na programación xeral anual.

A súa **finalidade** é favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe, e mellorar a cohesión e as relacións internas da cada grupo.

**A comisión da Convivencia**, tal e como recolle no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), constituirase no seo do Consello Escolar e **estaré composto polos seguintes membros:**

- O/A Director/a
- O/A Xefe/a de Estudos (representante do profesorado)
- A Orientadora (representante do alumnado e mediadora escolar)
- Un/unha representante das familias
- Un representante do persoal de administración e servizos

Estará aberto á participación do profesorado titor/a relacionado co tema que se analice e aos profesionais da sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

##### **4.1.- Funcións da Comisión da Convivencia Escolar:**

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para **garantir a igualdade entre mulleres e homes**, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

#### **4.2.-Periodicidade das reunións**

- A Comisión de Convivencia reunirase, **cada vez que sexa necesario** por temas disciplinarios e polo menos **unha vez ao trimestre**. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos e presentaraos ao Consello Escolar.

### **5.- DETECCIÓN DE NECESIDADES**

Necesidades de prevención e formación relacionadas con negociación, mediación e resolución de conflitos. Consideramos que a formación debe estar dirixida a todos os compoñentes da comunidade educativa: familias, alumnado e profesorado.

### **6.- ANÁLISES DA SITUACIÓN: TIPOS DE CONFLITOS MAIS RECUENTES**

A chegada de poboación de orixe estranxeira a nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, en menor medida, está a incidir de xeito notable na evolución da diversidade e polo tanto da convivencia na nosa poboación escolar, sobre todo en zonas concretas, como é a comarca de Valdeorras, onde está ubicado o noso Centro.

Este aumento de alumnos estranxeiros de distintos países implica diferentes culturas, costumes, relixións, hábitos de estudo e formas de actuar en situacións conflictivas. Por este motivo, necesitamos un plan de convivencia común para todos onde aprendan a convivir en harmonía e con educación.

Observando aos nosos alumnos nas aulas, partimos de las seguintes actitudes disruptivas que debemos ir cambiando pouco a pouco.

- Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Distracción e falta de atención.
- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo.
- Desobediencia ás ordes educativas-formativas- do mestre.
- Falta de respecto ás veces entre iguais.
- Problemas de convivencia nos Servizos Complementarios.

As súas causas, consideramos que son:

- Falta de motivación
- Chamadas de atención de forma global
- Dificultades de aprendizaxe
- Falta de colaboración e/ou implicación por parte dos pais: non revisan se traen o material a clase, etc.
- Impulsividade, pouca reflexión.
- Falta dun referente de autoridade.
- Falta de responsabilidade da familia ante o centro en casos puntuais.
- Formación deficiente do persoal que atende o servizo complementario.

As **habilidades sociais** máis importantes que se poderían incluír serían:

- A asertividade (as interaccións sociais asertivas son aquelas que respectan por igual as calidades e características dun mesmo e as daquelas persoas con quen que se interactúa.)
- Reforzar aos outros ou realizar cumpridos e aceptalos.
- Pedir por favor e dar as grazas.
- Dar queixas e saber como proceder cando nos dan unha queixa.
- Saber dicir ¿NON?.
- Saber reaccionar reflexionando e sen impulsividade ante as críticas e os insultos.
- Iniciar, manter e terminar conversacións.
- Prever e resolver os conflictitos a través das canles establecidas.

## 7.- OBXECTIVOS XERAIS

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

### **8.-OBJECTIVOS ESPECÍFICOS:**

1. Valorar de xeito positivo a diversidade cultural dos nosos alumnos-as
2. Impulsar a colaboración das familias sensibilizándoos nunha educación da unidade familiar, a través do respecto, dereitos e deberes de cada un.
3. Favorecer unha autoestima positiva dos nosos alumnos-as a través dunha convivencia democrática.
4. Favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais nos distintos sectores da nosa comunidade educativa.
5. Desenvolver actitudes e comportamentos contrarios ao uso da violencia na resolución de conflitos.
6. Formar alumnos, profesores e pais capaces de mediar na resolución de conflitos no centro.
7. Facer participe a toda a comunidade na procura dun clima de convivencia adecuado para a aprendizaxe.
8. Elaborar material de formación de mediadores e de difusión do equipo de mediación.
9. Implicar á familia nun protocolo de convivencia.
10. Desenvolver as actitudes e os valores como: responsabilidade, amizade, tolerancia, autocontrol, mediación asertividade, interculturalidad,?
11. Desenvolver a capacidade de resolución de problemas sociais
12. Fomentar habilidades sociais entre os alumnos.
13. Desenvolver a capacidade de comunicación necesaria para iniciar e manter relacións sociais adecuadas.
14. Desenvolver a capacidade de autocontrol emocional para o enfrontamento de situacións estresantes.
15. Favorecer o autoconcepto e autoestima adecuada.
16. Desenvolver actitudes positivas de solidariedade, cooperación de axuda, respecto ás diferenzas individuais.
17. Crear e facilitar un clima agradable e saudable tanto no centro como no aula.
18. Favorecer a integración dentro do grupo aula.
19. Favorecer o desenvolvemento duns principios morais baseados nos dereitos humanos.
20. Desenvolver o sentido da responsabilidade social e do compromiso persoal.
21. Orientar aos alumnos sobre as diferentes medidas de atención á diversidade máis adecuadas para optimizar o seu desenvolvemento.
22. Suprimir ou reducir as situacións sociais que poidan supor unha desestabilización persoal ou familiar.
23. Sensibilizar aos pais e profesores, co fin de que dispoñan duns coñecementos reais do problema, así como os recursos necesarios.
24. Incrementar a formación do profesorado e da familia á hora de intervir nos diferentes problemas comportamentais.
- 25.- Traballar nun **PFPP curso 2022-23:**
  - **Aula Virtual** do centro.
  - Cholo e Nela como grupo de traballo.



## **9.- DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN E MEDIDAS:**

### **NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA**

#### **9.1.-) - NORMAS DE CONVIVENCIA XERAIS DO CENTRO**

As normas de convivencia deben garantir un clima de convivencia e respecto dentro da comunidade educativa, a fin de evitar a adopción de medidas disciplinarias. Estas normas e as condutas contrarias a elas así coma as medidas preventivas e as correccións que correspondan quedan reflectidas no **Real Decreto 732/1995 sobre os dereitos e deberes dos alumnos/as**, coas matizacións establecidas neste Regulamento.

Tódalas medidas correctoras que se leven a cabo terán sempre un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de tódolos membros da comunidade educativa.

#### **NORMAS XERAIS:**

- Como norma xeral establécese o mutuo respecto e colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa. É deber fundamental de todos os que constitúen o Centro crear un clima de convivencia e eficacia educativa, nun proceso aberto no que, cun máximo de liberdade, prime a autorresponsabilidade e o compromiso mutuo de respectar e garantir os dereitos dos outros.
- É obrigación do alumnado asistir a clase e permanecer no Centro durante as horas lectivas.
- O alumnado non poderá trasladar material mobiliario dunha dependencia a outra sen a autorización expresa dun profesor/a ou o conserxe.
- Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a coidar e facer coidar o edificio e facer un bo uso do mobiliario e do material docente.
- Cada grupo de alumnos/as é responsable do coidado e mantemento da aula na que realizan as súas tarefas, e está obrigado individualmente, se é posible determinar o autor/a dos feitos, ou colectivamente, a reparar os danos causados ou facerse cargo dos custos económicos da súa reparación.
- O equipo de profesores que imparte clase no grupo, coordinado polo titor/a, velará ao longo do curso pola limpeza e bo estado da clase.
- A actitude do alumnado que reiteradamente lixe o material da aula será considerada falta leve, e ademais os alumnos/as deberán limpar a aula ou material para deixalo como estaba. Todo deterioro provocado por un uso indebido deberá ser reparado, e, no seu caso, aboado polo seu autor ou autores. Este feito será obxecto de falta leve.
- Non se permitirá a utilización nas aulas de teléfonos móbiles, alarmas, aparellos musicais, nin outro tipo de elementos alleos á clase que poidan impedir o desenvolvemento normal destas. Se por circunstancia excepcional houberse necesidade de manter activo algún destes aparellos, será precisa a comunicación por escrito e obter a correspondente autorización da Dirección do Centro, quen o comunicará ao titor/a e ao profesorado.
- As mesas e cadeiras deberán estar ben colocadas e en orde, na posición que indique o titor/a. Se un profesor/a opta por outra colocación, coidará que ó final da súa clase o mobiliario quede na súa posición inicial.

- Ao rematar a xornada, para facilitar a tarefa do persoal de limpeza, as mesas e cadeiras quedarán ordenadas coas enriba das mesas, as fiestras pechadas e as luces apagadas. O persoal de limpeza dará parte das anomalías.
- O alumnado e os demais membros da comunidade educativa usarán as papeleiras para depositaren calquera tipo de lixo e de residuos.
- Cómpre vir ao Centro limpo e aseado.
- Deberase gardar silencio en tódalas dependencias do edificio durante as horas lectivas.
- Na aula hai que manter a debida compostura e dedicar o seu uso para o labor docente.
- Non se poderá comer nin beber dentro das aulas, biblioteca e demais dependencias do Centro sen permiso do titor/a.
- Os corredores son dependencia de paso, polo que hai que gardar orde, evitando accións tales como gritos, carreiras, aglomeracións, etc. Durante as horas de clase non se pode permanecer nos corredores.
- A Sala de Profesores/as é o lugar de reunión do profesorado. O acceso do alumnado a esta dependencia queda limitado se non ten permiso.
- Non se permitirá a entrada ao Centro de persoas alleas á comunidade escolar.

### **9.1.1.-ENTRADAS E SAÍDAS:**

Unha vez sone a serea, ou no seu defecto por ordes directas dos mestre/as de garda, o alumnado dirixirase inmediata e ordenadamente ás súas respectivas fileiras diante das portas de entrada; unha vez nas mesmas deberán permanecer en orden e calados ata que o mestre/a de garda ordene a súa entrada por cursos onde cada grupo será recollido polo respectivo profesor/a que os acompañará a súa aula.

As saídas faranse tamén en fileira ordenadamente e sempre por un extremo da escaleira seguindo a ruta de evacuación correspondente sinalada no plan xeral de evacuación do Centro en caso de emerxencias, acompañados en todo momento polo mestre encargado do grupo nese momento ata a porta de saída. Unha vez fóra do edificio, os alumnos sairán do recinto obrigatoriamente polas dúas cancelas.

Nas saídas os alumnos/as de educación infantil baixarán cinco minutos antes que os de primaria para unha maior organización. Os titores/especialistas de primaria deben baixar cos seus alumnos.

Os alumnos/as nunca poderán saír do recinto escolar sen a debida autorización do mestre que os atende nin sen autorización dos pais/nais ou titores legais.

### **9.1.2.- ASISTENCIA A CLASE E PUNTUALIDADE:**

No caso de faltas de asistencia ou puntualidade reiteradas e sen xustificar dun alumno/a, o/a titor/a porase en contacto cos pais/nais de ser posible persoalmente para informalos e que as xustifiquen. De facer caso omiso ou non xustificadas debidamente porase en coñecemento do departamento de asuntos sociais do Concello.

### **9.1.3.- VISITAS E VIAXES DE ESTUDIOS:**

A asistencia a visitas e viaxes programadas polo colexio son un deber para os alumnos/as, pois complementan a súa formación. É preceptivo para todos aqueles que asistan ter autorización asinada para a asistencia a este tipo de actividades. A non asistencia ás citadas

visitas ou viaxes deberá ser plenamente xustificada. Os alumnos/as que non conten con autorización deberán asistir igualmente ás clases ese día.

No caso de alumnos/as que acumulen faltas leves ou graves indicadas neste apartado, o titor/a poderá solicitar consulta a Dirección do centro e esta o observatorio de convivencia do centro, para decidir a asistencia destes alumnos/as as saídas e/ou excursións.

#### **9.1.4.- ASEO PERSOAL E HIXIENE NO CENTRO:**

Todos os alumnos/as presentarán un aspecto aseado tanto no corpo como na roupa. A reiterada falta de aseo persoal que poida dar lugar a contaxios a outros alumnos (piollos, sarna ...) será motivo de ausencia temporal ao centro, o tempo necesario ata que cesen as causas polas que se ten que ausentar.

En casos de enfermidades infecto-contaxiosas (víricas, bacterianas, ...) o alumnado deberá permanecer na casa ata a súa recuperación.

Todos temos a obriga de manter o colexio limpo, polo que se procurará non manchar as paredes, non tirar cousas ao chan, non escribir nas mesas, recoller cousas que se atopen tiradas, etc.

#### **9.1.5.- NORMAS DE CONVIVENCIA NO TEMPO DE LECER**

##### **(RECREO E CORREDORES):**

Todos os alumnos/as teñen dereito aos tempos de lecer. Baixo ningún concepto un alumno/a poderá quedar nas aulas, corredores ou outras dependencias do colexio sen estar acompañado dalgún mestre/a.

Se algún mestre/a decide que algún alumno/a permaneza traballando durante o recreo, deberá permanecer obrigatoriamente con el/a nalgunha aula ata que decida que pode saír ao patio.

En todo caso, deberanse cumprir as seguintes normas en situacións normais:

- 1.- O patio está dividido en 9 zonas rotatorias seguindo o **Protololo pola COVID-19:**
  - Ed. Primaria: 6 zonas por cursos na pista nova, cuberta e de area.
  - Ed Infantil: 3 zonas por cursos no porche do colexio.
- 2.- Os alumnos/as de Ed. Primaria non poden correr na zona de Ed. Infantil
- 3.- Os alumnos/as de Ed. Infantil non poden ir as zonas de Ed. Primaria
- 4.- No caso de chuvia, quedarán no pórtico, Educación Infantil e 1º e 2º curso de Ed. Primaria e irán para a pista cuberta de 3º a 6º curso, Sairán A no primeiro recreo y B no segundo. Non poderán utilizar ningún material deportivo.
- 5.-No caso de haber charcos pequenos o estar mollado, son os profesores/as de patio quen de decidir se se poden sacar ou non os balóns, combas....
- 6.- Os profesores/as de patio poñeranse de acordo para saír un deles un minuto antes de que toque o timbre para decidir si o alumnado pode utilizar ou non os balóns, antes de que os collan, así tamén garantizamos que os alumnos/as non están en ningún momento sós.
- 7.- Nos recreos haberá material de xogos.
- 8.- A pista cuberta é a zona de xogo de baloncesto, si é viable, haberá un balón por canasta e xogarán na canasta correspondente a cada ciclo. Non se poderá xogar ao fútbol con estos balóns.

9.- Responsabilizárase da **CORDA**, para subila e baixala da clase o alumnado correspondente (non poderá estar na caixa cos balóns por ser un material perigoso para os nenos/as máis pequenos). Pode haber dúas cordas, unha para cada ciclo, sempre que o/a titor/a autorice tela na aula.

10. Cando toque o timbre, os alumnos/as deben colocarse inmediatamente nas súas filas sen demora e recoller os balóns para a caixa, posteriormente saen e colócanse na súa fila correspondente.

11.- **Nas entradas** haberá un/unha profesor/a de patio ao pé da escaleira A, e os/as alumnos/as entrarán por orden e sen correr ata a súa aula.

12.- **Para as saídas** baixarán por orden e sen correr co/coa profesor/a ata a porta principal. (Tamén pódese poñer un/unha alumno/a ao principio e ao final da fila como responsables para que non corran e falen alto).

13.- Mentres dure **as restriccións actuais polo COVID-19**, sairán ao patio por cursos e permanecerá na súa zona de recreo.

No caso de ausencia do conserxe, serán os mestres de garda os encargados de abrir as portas dos servizos exteriores ao inicio do recreo e de pechalas ao final.

Nos recreos deberá observarse un comportamento respectuoso cos compañeiros e compañeiras, estando dispostos a colaborar nos xogos e axudar no que se necesite, evitando os xogos perigosos que poidan danar aos alumnos ou ás instalacións.

Os mestres/as de garda velarán sempre pola utilización dos bidóns ou papeleiras para botar os residuos de comidas, papeis, bolsas, etc.

Todo alumno que reciba un golpe, ferida ou calquera outro tipo de lesión deberá acudir ao primeiro mestre/a que vexa no patio, así como para formular calquera tipo de queixa ou necesidade (non se deberá nunca entrar no edificio).

Respectaranse en todo momento as zonas adicadas a xardíns, árbores, material deportivo, etc. O encargado de prestar aos rapaces balóns, cordas ou calquera outro tipo de material deportivo será o mestre/a de educación física, no caso de que queira prestalo, así como regulamentar o uso das pistas deportivas.

#### **9.1.6.- DURANTE AS CLASES:**

Tanto no desenvolvemento das clases, como nos cambios entre clase e clase, o alumnado non poderá saír da aula, nin solicitar material e fotocopias ao conserxe, sen autorización expresa do mestre/a que o atende nese momento.

Como norma xeral non poderá ir ao servizo, agás con permiso do profesor/a.

Se o/a profesor/a se tivera que ausentar por algún motivo durante uns minutos, o alumnado permanecerá no seu asento, comportándose debidamente. No caso de alumnado do segundo e terceiro ciclos será o delegado ou no seu caso o subdelegado do grupo o encargado de velar polo cumprimento das normas na aula en ausencia do mestre/a, dando parte logo a éste dos posibles incumprimentos.

Non se pode andar nos caixóns das mesas do profesorado nin no material do mesmo.

### **9.1.7.- VISITA DE PERSOAS ALLEAS AO CENTRO:**

O horario de visitas de pais/nais/titores de alumnos será o establecido no plan de centro correspondente a cada curso escolar e será comunicado aos mesmos a principio de cada curso. Fóra de este horario non se permitirá o acceso ás aulas de ningunha persoa allea ao centro. No caso de eventos extraordinarios nos que un pai/nai/titor desexase acceder ás aulas en horario lectivo, deberá falar co conserxe (na súa ausencia con algún membro do equipo directivo ou outro mestre), quen informará previamente ao mestre/a correspondente en cada caso. Como norma xeral, ningún pai/nai/titor poderá acceder ás dependencias do centro en horario lectivo.

No caso de que algún pai/nai/titor legal desexara levarse ao seu fillo/a antes do remate das clases, o alumno en cuestión avisará con antelación ao titor/a ou mestre/a encargado do grupo nese momento, quen acompañará obrigatoriamente ao rapaz ata o recibidor e comprobará que efectivamente o rapaz queda baixo o coidado do pai/nai/titor legal recoñecido por el ou dun familiar que non teña a custodia legal (tíos, avós, irmáns,...), nos dous casos, será obrigatorio que asinen un impreso existente no centro antes de levar ao alumno/a, en caso de negarse, o neno/a permanecerá no centro ata a hora de saída regulamentaria.

Os alumnos teñen prohibido achegarse, falar e moito menos aceptar cousas de descoñecidos que ocasionalmente poidan intentar comunicarse con eles a través do enreixado do recinto ou directamente se entrasen no mesmo sen permiso. Neste último caso deberán comunicar inmediatamente ao mestre/a de garda, titor/a, equipo directivo, conserxe,... que unha persoa descoñecida introduciuse no recinto, aínda que non se achegue a ningún alumno.

No caso de matrimonios e/ou parellas de feito, separadas ou en trámites de separación ou divorcio deberán acreditar por escrito con documento oficial a quen pertence a tutela do/as menor/es en cuestión. En caso contrario denegarase o permiso de sacar ao menor do colexio ata ter clarexada a situación. No caso de producirse unha intervención xudicial en requirimento dun alumno do centro por parte da policía, ésta deberá acompañar a orde xudicial orixinal do/a xuíz/a que instrúa o caso, de non se producir así, denegarase o permiso para sacar ao alumno/a do centro, dando parte á autoridade policial ou xudicial correspondente.

### **9.1.8.- ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAS AO SEU INCUMPLIMENTO.**

Non poderán impoñerse sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal dos alumnos/as.

A imposición das sancións respectará a proporcionalidade coa correspondente falta deberá contribuír á mellora do proceso educativo dos alumnos/as.

O Consello Escolar do Centro supervisará o cumprimento efectivo das sancións nos termos en que foron impostas.

#### **Serán consideradas faltas leves:**

- Os actos que perturben e interrompan o normal desenvolvemento das clases.
- Negativa á realización das tarefas que o/a mestre/a encomende.
- As faltas sen xustificar de asistencia e reiteradas de puntualidade.
- Actos de incorrección ou desconsideración con calquera membro da comunidade educativa.

- Causar pequenos danos nas dependencias do centro ou nos materiais de aula e dos outros compañeiros.
- Copiar nas probas que se realicen ou falsificar traballos.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

### **Medidas correctoras das condutas leves prexudiciais**

- Amoestación do/a profesor/a privada ou por escrito.
- Comparecencia perante o xefe de estudos e/ou orientador/a.
- Realización de traballo específicas en horario lectivo.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou se procede, dirixidas a reparar os danos causados.
- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un prazo máximo dunha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días (con traballo para ese período).
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **Serán consideradas faltas graves:**

- A reiteración de faltas leves.
- As agresións físicas ou psíquicas a compañeiros/as ou membros da comunidade educativa.
- Os actos de indisciplina, as injurias, burlas, ofensas, ameazas ou coaccións contra os membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade e falsificación ou roubo de documentos oficiais.
- O deterioro grave das instalacións, materiais ou enseres do centro ou dos membros da comunidade educativa.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- O roubo ou sustracción de pertenzas de outros.
- A introdución no centro de materiais , armas ou obxectos que poñan en perigo a integridade física dos demais (obxectos punzantes, petardos, etc...).
- O incumprimento das sancións impostas.
- O comportamento impropio cos compañeiros/as, xestos obscenos ou lascivos a partires do segundo aviso pasarán a ser considerados como falta grave.
- Reiteradas faltas de respecto ao profesorado, compañeiros/as ou calquera outro membro da comunidade educativa. A partires do terceiro aviso e comunicación por escrito do titor/a ao xefe de estudos e ao orientador/a.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou

psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A partir do segundo aviso.

- Consumo ou tenencia de calquera tipo de estupefaciente e/ou outras substancias psicotrópicas, así como tabaco ou bebidas alcohólicas. Ao primeiro aviso.
- Agresión ou intento de agresión empregando obxectos contundentes ou punzantes, así coma calquera outro aparello que poida ser empregado como arma de ataque.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.
- Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais

### **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

Os feitos considerados como faltas graves pasarán a ser tratados na comisión de convivencia do centro, así como nun Consello Escolar extraordinario con punto único. Comunicando por escrito aos pais/nais/titores legais o inicio do procedemento da incoación de expediente disciplinario. En todo caso, serva de exemplo o que segue:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro, dirixidas a reparar os danos causados. Todo isto en horario non lectivo.
- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. .
- Cambio de grupo para o resto do curso.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de grupo.
- Cambio de centro con carácter excepcional.

O procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios (se é o caso) levarase a cabo conforme aos artigos 54 e 55 da sección segunda do capítulo III do real decreto 732/1995 do 5 de maio.

Cando se teña probado que un feito grave, logo da súa regulamentaria tramitación, sexa posta en coñecemento dos pais ou titores legais, e éstos adopten unha postura de xustificación ou

encubrimento respecto da falta, darase parte por escrito ás asistencias sociais do Concello quen, unha vez postas en contacto cos pais/titores legais e no caso de non chegarse a unha solución satisfactoria, tramitarán ante Menores a incidencia.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no **artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia** e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciase a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

#### **Aplicación das medidas correctoras**

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións pertinentes.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

#### **9.1.9.- NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR:**

No P.E.C. está reflectido a importancia do momento do comedor para fomentar diversos hábitos e valores, por iso, é necesario fixar unha serie de normas básicas, sobre distintos ámbitos:

##### **a) SOBRE HIXIENE:**

- a) Lavamos as mans antes e despois da comida.
- b) Lavamos os dentes despois da comida.
- c) Comemos o que nos poñen, hai que acostumarse a comer sano e equilibrado.
- d) Debemos utilizar ben os cubertos.
- e) Non tiramos pan, auga ou restos de comida uns aos outros.
- f) As servilletas, restos de comida, etc... non se tirarán ao chan.

##### **b) SOBRE O COMPORTAMENTO:**

- a) Ao entrar ao comedor deixaranse os xoguets, material escolar e abrigos no lugar destinado para iso.



- b) A entrada ao comedor farase por grupos con orde e tranquilidade, sen correr, empuxar ou gritar.
- c) Todos os nenos/as pasarán polo baño a facer as súas necesidades e lavarse as mans antes de sentarse á mesa.
- d) Durante o tempo de comida non deberán levantarse ao baño, a non ser por causa de indisposición ou enfermidade e sempre con permiso do coidador/a.
- e) Seguirase unha orde de idade aproximada para colocar aos alumnos/as nas mesas.
- f) Deberanse respectar os materiais e as mesas sen golpealos nin rompelos.
- g) Evitarase xogar ou balancearse coas cadeiras.
- h) Amosaremos respecto aos compañeiros: evitar pelexas, insultos e calquera acción agresiva.
- i) Amosaremos respecto aos persoal do comedor: coidadoras/es e cociñeira/o.

**c) SOBRE O TEMPO LIBRE:**

- a) Os alumnos/as permanecerán no patio ou no salón de actos en función da climatoloxía.
- b) Non se practicarán xogos perigosos, entendéndose por isto, aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física dos nenos/as.
- c) Os balóns son de todos, ninguén ten dereito a apropiarse de un e non deixar xogar aos demais.
- d) Non se pode pegar a ningún alumno ou alumna.
- e) Non se pode subir as porterías que hai no patio.
- f) Non se poderá saír do patio ata a hora de saída, é dicir, as 15,15 h. ou as 16,00 h. Os nenos/as que regresan sós para casa, deberán traer un xustificante dos pais/nais/titores legais especificando a hora de saída.
- g) Unha vez terminados os xogos será responsabilidade de todos os que xogaron gardalos no seu sitio.

**ACTUACIÓNS DO PERSOAL DO COMEDOR CANDO NON SE OBSERVEN AS CONDUCTAS CITADAS:**

- Non se servirá o segundo prato ou postre senón se proba o primeiro ou o segundo respectivamente.
- Só se serviran dietas especiais, avaladas con informe médico
- Darase por terminada a comida de calquera usuario saíndo do comedor:
  - Se se levanta sen causa xustificada.
  - Se mete as mans ou cubertos no prato ou vaso dos demais.
  - Se se retrasa na entrada sen causa xustificada.
  - Se tira restos de comida no chan intencionadamente.
  - Se se observa condutas antihixiénicas na mesa.
  - Se non se usan os cubertos adecuadamente.
  - Se se dirixe as coidadoras sen a corrección debida (insultando, esixindo, gritando ou ameazando).
  - Se insulta aos compañeiros/as ou adopta cara eles actitudes despectivas.
  - Se accede a parte do edificio non reservada ao comedor.
  - Se destrozan as instalacións ou material intencionadamente (do centro ou dos usuarios/as).

Neste caso, as/os coidadoras/es deberán informar:

- **Ás familias** dos afectados no mesmo día que se observen ditas condutas
- Mensualmente os pais/nais deberán falar coas coidadoras sobre a marcha dos hábitos de alimentación, hixiene e comportamento dos seus fillos/as.
- En caso de reiterar nestas condutas non desexables, a **Dirección do centro**, que convocará **á Comisión de Convivencia do Consello Escolar** para decidir sobre qué actuacións se deberán tomar, aplicando **as normas do Regulamento de Réxime interior** do noso centro.

Os usuarios/as de comedor deberán ler e aceptar esta normativa. Recoméndase a lectura en familia.

## **9.2.- NORMAS DE CONVIVENCIA ESPECÍFICAS DA AULA**

### **9.2.1.- Relativas ao alumnado**

- Respectamos os horarios e chegamos puntualmente ao colexio
- Entramos e saímos nas aulas ordeadamente, sen correr nin gritar.
- Ao entrar imos directamente á clase e ocupamos o noso sitio
- Respectamos aos compañeiros/as axudándolles, falándolles sen berrar, agardando o turno de palabra, sen insultos e sen pelexas.
- Respectamos aos profesores/as seguindo as súas indicacións, dirixíndonos a eles correctamente sen xestos desafiante, saludar a la llegada a las aulas y despedirse a la salida, pedir las cosas por favor, mostrar agradecimiento en las circunstancias que lo requieran, pedir disculpas, chamando á porta antes de entrar, etc.
- O coidado do aseo e a imaxe persoal.
- Mostrar interese nas clases, atendendo durante as explicacións, preguntando o que non se entende, traendo o material necesario e entregando os traballos no tempo previsto. - - -
- Coidar o material de traballo, o propio, o dos compañeiros e o común.
- Respectar e manter limpas as dependencias que se utilicen.
- Calquera acto que perturbe o normal desenvolvemento das actividades da clase
- Colaboración do alumnado na realización das actividades, así como o seguimento das orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe.
- Respectar aos compañeiros.
- Traer roupa adecuada.
- Logo das clases de Educación Física, é necesario asearse antes de volver á clase normal e traer roupa deportiva adecuada.
- Antes das horas de clase nin durante o recreo, poderase subir nin permanecer no aula sen permiso expreso.
- Durante os cambios de clase o alumno non debe levantarse nin saír aos corredores.
- Cada alumno deberá responsabilizarse de que o seu pupitre está limpo e ordenado.

### **9.2.2.- Relativas ao profesorado:**

- É o responsable de coordinar a acción dos profesores do alumnado que tutela e as actividades que impliquen a participación doutro profesorado.
- Coordina, así mesmo, a recuperación do alumnado con retraso ou as adaptacións curriculares, sendo polo mesmo o que convoca as reunións que considere oportunas.
- Debe convocar unha reunión co conxunto de familias da súa titoría ao principio de curso e cando o estima oportuno.
